

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 20 de decembro de 2022, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, **a inclusión** na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto sanitario, social e económico do medicamento

AVATROMBOPAG

no tratamento de pacientes adultos con Trombocitopenia Inmune Primaria (PTI) crónica sintomática grave ou con un alto risco de sangrado, que son refractarios a outros tratamentos, de acordo ao seguinte protocolo de tratamento da trombocitopenia inmune primaria:

1ª liña:

- Corticoides orais: Prednisona, Dexametasona
- Inmunoglobulinas IV

2ª liña:

- Agonistas do receptor de trombopoetina: Avatrombopag, Eltrombopag, Romiplostim

A selección basearase en criterios de eficiencia, tanto no inicio do tratamento coma no seguimento terapéutico, e tendo en conta os seguintes aspectos:

- ◆ dose e peso do paciente
- ◆ número de pacientes a tratar nun centro hospitalario
- ◆ posibilidade de preparación centralizada e administración conxunta de romiplostim

3ª liña:

- Tratamento farmacolóxico
 - ✓ Fostamatinib
 - ✓ Azatioprina
 - ✓ Medicamentos sen indicación autorizada:
 - Rituximab
 - Inmunosupresores
 - Inmunomoduladores
 - Outros
 - ✓ Combinacións de distintos axentes
- Tratamento cirúrxico
 - ✓ esplenectomía

A elección entre as distintas opcións terapéuticas farase tendo en conta as características individuais do paciente (idade, comorbilidade, estilo de vida...)

*En pacientes de 1 a 17 anos só están autorizados Eltrombopag e Romiplostim

*ELTROMBOPAG está autorizado para o tratamento de pacientes adultos con **Anemia Aplásica grave** adquirida refractarios a un tratamento inmunosupresor previo ou moi pretratados, e que non son candidatos a un transplante de proxenitores hematopoiéticos.

Esta resolución é comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Jorge Aboal Viñas

Santiago de Compostela (data e sinatura dixital)

Xerentes das Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde